



CONVENIO ENTRE O INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA (IGAPE), A ASOCIACIÓN DE *INTERIM MANAGEMENT* DE ESPAÑA (AIME) E A ASOCIACIÓN PARA O PROGRESO DA DIRECCIÓN (APD), PARA A POSTA EN MARCHA DUN PROXECTO PILOTO DE SERVIZOS DE *INTERIM MANAGEMENT* ÁS EMPRESAS GALEGAS

Dunha parte, María Jesús Lorenzana Somoza, Conselleira de Economía e Industria da Xunta de Galicia, nomeada para o devandito cargo polo Decreto 44/2024, do 14 de abril (DOG nº 73, do 14 de abril), actuando en nome e representación do Instituto Galego de Promoción Económica (en diante, Igape), na súa calidade de presidenta, en virtude do disposto no artigo 11 da Lei 5/1992, do 10 de xuño, de creación do Instituto Galego de Promoción Económica.

Doutra parte, D. Francisco José Paez Palacios, en nome e representación da Asociación de *Interim Management* de España (en diante AIME), con CIF G70339528, inscrita no Registro Nacional de Asociaciones co número 602281 y dirección fiscal en el Centro de negocios IBC Serrano, C/ Serrano, 93 – 3ºC, 28006 Madrid; na súa calidade de Presidente, nomeado para o cargo o 14 de marzo de 2024.

Doutra parte, Dna. Emma Gómez Pérez, en nome e representación da Asociación para el Progreso de la Dirección (en diante, APD), con CIF nº G28197994 e domicilio en Madrid, rúa José Abascal, nº 59. Comparece na súa calidade de directora xeral da devandita asociación, en virtude dos poderes que lle foron outorgados ante o notario de Madrid, D. Francisco Miras Ortiz, en data 25 de setembro de 2024.

As partes recoñécense capacidade legal e xurídica suficiente para formalizar o presente convenio e, para tal efecto,

EXPOÑEN:

I. Que o Igape é o ente de dereito público, adscrito á Consellería de Economía e Industria para o desenvolvemento económico de Galicia. A misión do Igape é a de apoiar todas as actividades que contribúan a mellorar o sistema produtivo galego, facilitando os procesos de creación, consolidación e crecemento empresarial, incluíndo a innovación empresarial.

Neste sentido, o papel do Igape na mellora da competitividade e produtividade das empresas, ten varios eixos de actuación, entre os que destaca mellorar as bases da gobernanza das empresas galegas a través, entre outras accións, da capacitación dos seus órganos de goberno e cadros directivos como chave do éxito e crecemento sostido e sostible das empresas e do tecido empresarial.

II. Que AIME é a única iniciativa asociativa privada de España para a promoción da figura do *Interim Manager*; socialmente responsable, promovida por persoas e empresas sensibilizadas co futuro profesional do talento directivo do noso país. A misión de AIME é difundir o concepto de *Interim Management* como ferramenta estratéxica de dirección entre a sociedade, empresas e institucións, así como representar e apoiar aos seus asociados.

III. Que APD é unha asociación sen fin lucrativo que ten como fins sociais promover e realizar o intercambio de coñecementos, experiencias e técnicas de cantas persoas desempeñan nas empresas privadas ou entidades públicas as funcións de alta dirección, goberno ou administración, así como aquelas outras que, por vía de delegación levan a xestión dunha ou varias áreas funcionais das mesmas, co fin de perfeccionar e actualizar a formación dos asociados nas súas actividades específicas, todo elo dirixido ao ben común.

Creada en 1956, APD ten como obxectivo último contribuír ao desenvolvemento profesional e persoal de directivos e empresarios, cara a lograr unha sociedade máis forte, dinámica e preparada para afrontar os retos presentes e futuros.





Como asociación sen fin de lucro especializada e sen parangón no eido do desenvolvemento directivo, cómpre salientar algunhas das súas cifras máis relevantes e ilustrativas:

- Máis de 3.500 empresas asociadas en toda España.
- 220.000 directivos.
- Máis de 50.000 asistentes ao ano aos eventos organizados.
- Máis de 1.100 eventos anuais.
- Máis de 2.800 expertos e líderes empresariais participan como relatores.
- Máis de 5.000.000 visitas totais anuais ao portal.
- Máis de 78.000 rexistrados na páxina web.

IV. Que a Xunta de Galicia aposta polo achegamento das posibilidades da innovación, a competitividade e a transformación tecnolóxica en todo o tecido empresarial galego como vía ineludible para garantir a futuro a capacidade competitiva das empresas e a súa permanencia no mercado, e para contribuír a iso, a incorporación de xeito externo de profesionais con ampla experiencia e dirección e xestión, nas empresas que presenten un desafío concreto amósase como unha panca moi relevante no apoio e na obtención dos mellores resultados ante ese desafío empresarial. Sendo que aínda non é unha intervención moi coñecida e estendida, a Xunta de Galicia, a través do Igape, considera que debe iniciar un proxecto experimental para probar o sistema e avaliar os resultados mediante un proxecto piloto de *Interim Management* en Galicia.

V. Que a propia Xunta de Galicia, no Plan Estratéxico PEG 22-30 establece no seu eixe 3. Competitividade e crecemento e na prioridade de actuación 3.3. Impulsar o crecemento e competitividade das empresas, a transición industrial e o emprendemento; Prioridade na que o Igape desenvolve un papel fundamental como Instituto de promoción económica e desenvolvemento rexional.

VI. Que AIME e APD, representan un conxunto de capacidades de directivos e xestores inigualable en España, sendo dúas organizacións sen ánimo de lucro, que poden aportar os mellores profesionais con experiencia dilatada aos procesos de *Interim Management* nas empresas galegas en función da especificidade de cada caso seleccionado.

VII. Que o *Interim Management* consiste na incorporación temporal de profesionais altamente cualificados e con experiencia comprobada para xestionar situacións excepcionais nun tempo determinado e con obxectivos concretos, como reestruturacións empresariais, procesos de transformación, substitución temporal dun directivo, desenvolvemento de novos negocios ou mercados, expansión internacional, xestión de crises, etc. Estes expertos aportan unha visión externa, neutral e orientada a resultados, que lle permite á empresa implementar cambios en prazos máis curtos e con maior efectividade.

O valor do *Interim Management* radica na súa capacidade para ofrecer solucións áxiles e adaptadas ás necesidades específicas da empresa, reducindo riscos e optimizando recursos. Ademais, o seu enfoque temporal con prazo reducido e determinado, permite ás empresas manter o control dos seus custos, mentres se benefician de coñecementos estratéxicos que fortalecen a súa posición competitiva no mercado.

En definitiva, o *Interim Management* non só brinda soporte en situacións críticas, senón que tamén impulsa o crecemento e a innovación nas empresas, axudándoas a superar os seus desafíos con éxito e a prepararse para un futuro sostible.

VIII. Que a Xunta de Galicia, a través de Igape, AIME e APD, de acordo cos antecedentes anteriormente indicados, e tendo en conta o evidente beneficio que actividades como as desenvoltas por este tipo de programa reportan, teñen interese en xuntar esforzos e poñer en común as súas sinerxías e experiencia en prol da introdución dun proxecto piloto de *Interim Management* en Galicia, xa que promove e incentiva o esforzo na obtención de resultados efectivos nas empresas, e deberá constituír un novo modelo de incentivo ao crecemento económico da Comunidade Autónoma de Galicia.





A colaboración das partes no desenvolvemento desta iniciativa plasma a efectiva realización dun interese público e fai que resulte xustificada a participación da Administración na actividade prevista para conseguir resultados comúns aos intereses das partes asinantes.

Con tal motivo, as partes consideran de especial interese a súa colaboración na posta en marcha do proxecto piloto de *Interim Management* e, para tal efecto, os aquí comparecentes subscriben o presente convenio de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. *Obxecto e visión*

O presente convenio determina as actuacións que se van realizar pola acción coordinada de AIME e APD co Igape, para levar adiante un primeiro proxecto piloto de *Interim Management* dirixido a un máximo de oito empresas galegas.

Características inherentes ao servizo de *Interim Management*:

- *Asumirán unha misión executiva concreta.*
- *Durante un período de tempo determinado.*
- *Con obxectivos previamente definidos.*

As partes asinantes para a execución do proxecto piloto de *Interim Management*, garantirán os recursos necesarios, en particular:

- Profesionais cualificados para a xestión das empresas seleccionadas.
- Capacidade para a supervisión dos procesos.
- Recursos financeiros para a execución das accións previstas.

Segunda. *Planificación do proxecto piloto*

O proxecto estrutúrase nas seguintes fases:

1. Elaboración da convocatoria, publicación e selección das empresas participantes ata un máximo de 8.
2. Asignación dos *Interim Managers* a cada empresa seleccionada.
3. Execución dos procesos de *Interim Management* (duración de 6 meses, 20 horas semanais por empresa).
4. Elaboración dos informes de cada proceso.
5. Seguimento e avaliación dos resultados.

Cada servizo a prestar neste proxecto piloto, definirá a misión executiva a abordar e os obxectivos específicos, cunha duración de 6 meses e unha dedicación de 20 horas semanais a cada proceso.

Terceira. *Compromisos de AIME e APD*

AIME e APD comprométense a levar a cabo as seguintes actividades:

1. Colaborar co Igape na selección das empresas, de acordo cos criterios empregados na convocatoria, establecidos no Anexo II ao presente convenio.





2. Asignar un profesional con dilatada experiencia acreditada a cada proceso empresarial seleccionado, en función das características da situación empresarial concreta a abordar e o perfil do profesional asignado.
3. Definir a misión concreta para cada empresa seleccionada e os obxectivos das mesmas.
4. En calquera dos tres aspectos anteriores, a selección das empresas, a asignación de cada profesional e a especificación de misión e obxectivos a cada proceso, deberá ser sometida á aprobación da Comisión de Seguimento prevista na cláusula oitava do presente convenio.
5. Realizar o seguimento e supervisión de cada un dos procesos de *Interim Management* executados e reportar ao Igape do avance de cada un a través da Comisión de Seguimento establecida na cláusula oitava do presente convenio.
6. Realizar un informe final de cada proceso asinado polo profesional (*Interim Manager*) e por algún responsable da empresa obxecto do proceso.
7. Recompilar as facturas dos profesionais e os pagos das mesmas de cada empresa seleccionada polos importes dos servizos de *Interim Management* prestados ata un máximo por empresa de 30.000 €.
8. Presentar unha memoria final ante o Igape e xustificar a aplicación dun mínimo de 25.000 € IVE incluído por gastos de xestión e coordinación, dos que AIME e APD asumen ao seu cargo o 20% e o Igape achega o 80%. No caso de que a xustificación de dedicación fose inferior a 25.000 €, a colaboración do Igape nestes gastos reduciríase proporcionalmente.

Cuarta. Compromisos do Igape

O Igape comprométese ás seguintes accións:

1. Poñer en marcha un proceso público de convocatoria de empresas galegas para a selección dun máximo de oito na que realizar os procesos de *Interim Management* que compoñerán o proxecto piloto.
2. Notificar ás empresas seleccionadas a asignación de profesionais e a misión concreta definida para cada empresa seleccionada na Comisión de Seguimento prevista na cláusula oitava do convenio.
3. Asinar un convenio específico de subvención directa con cada empresa seleccionada na convocatoria, segundo o modelo do Anexo III.
4. Aprobar os informes finais de cada servizo prestado, con carácter previo ao pago da axuda ás empresas participantes.
5. Subvencionar un 75 % do custo de cada servizo de *Interim Management* realizado á empresa beneficiaria; no seu caso, o IVE non será subvencionable.
6. Colaborar con ata 20.000 € (IVE excluído, agás acreditación de exención parcial ou total do IVE) nos custos de xestión e coordinación de AIME e APD correspondentes ao 80% dos gastos incorridos para esta finalidade.
7. Acompañando a todo o proceso, AIME e APD en colaboración co Igape abordarán unha campaña divulgativa e de comunicación, abordando diferentes soportes. Sen prexuízo do anterior, en todos os elementos gráficos e de comunicación, han de convivir unicamente os logos da Xunta de Galicia e de AIME e APD.

Quinta. Financiamento





O orzamento do presente convenio ascende a 265.000 €; do cal a Xunta de Galicia, a través de Igape, asumirá unha colaboración co 80% dos gastos de xestión e coordinación ata 20.000 €, e aportará 180.000 € en subvencións ás empresas beneficiarias dos servizos, nunha porcentaxe do 75 % dos honorarios de cada servizo de *Interim Management* prestado a través de AIME-APD, asumindo as empresas o 25 % restante (máis o IVE da totalidade, no seu caso). Polo tanto, a aportación total do Igape acadará un máximo conxunto de 200.000 €.

Igape financiará as actuacións con cargo ás aplicacións orzamentarias e coa distribución anual respectiva, de acordo coa seguinte distribución:

Aplicación orzamentaria	ANO 2025 (en euros)	ANO 2026 (en euros)	Total (en euros)
Orzamento total	132.500,00	132.500,00	265.000,00
Aportación AIME-APD	2.500	2.500	5.000,00
Financiamento empresas participantes	30.000,00	30.000,00	60.000,00
Financiamento (Igape)			
09.A1.741A.7700	90.000,00	90.000,00	180.000,00
09.A1.741A.6400	10.000,00	10.000,00	20.000,00

Sexta. Xustificación e pagamento

1. Igape efectuará o pago das cantidade correspondentes ás empresas previa comprobación da realización do obxecto do convenio e validada a documentación xustificativa presentada en Igape.

Asemade, a colaboración cos gastos de xestión e coordinación achegarase a medida que se xustifiquen os gastos incorridos por AIME-APD para esta finalidade.

O financiamento de Igape realizarase a medida que se vaian xustificando ante o Igape os servizos realizados por AIME-APD, mediante remisións dos informes de execución de servizos e das facturas emitidas polos profesionais que presten os servizos e dos pagos realizados polas empresas beneficiarias, xunto coa xustificación de gastos de xestión e coordinación.

As ditas certificacións presentaranse antes do 30 de novembro de 2025 para os gastos e servizos realizados antes desta data, antes do 30 de abril de 2026 para gastos e servizos executados entre o 30 de novembro de 2025 e o 30 de abril de 2026 e ata o 30 de setembro de 2026 para a última certificación; por vía electrónica na oficina virtual do Igape na páxina <https://spiga-sede.igape.es>, achegando as copias dixitalizadas da documentación que se relaciona no parágrafo anterior.

En todo caso, só se considerará gasto realizado o que fose efectivamente pagado polas empresas durante o período de execución, sempre que as empresas respecten os prazos de pago previstos na normativa sectorial que lle sexa de aplicación ou, na súa falta, nos establecidos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, en aplicación da Lei 18/2022, do 28 de setembro, de crecemento e creación de empresas.

2. De non executar o importe total nas actuacións desenvoltas, minorarase a achega proporcionalmente, a condición de que se alcance o obxecto do presente convenio.

3. Ao remate do proxecto piloto e unha vez executados todos os procesos de *Interim Management*, AIME-APD remitirán a derradeira xustificación de gastos de xestión e coordinación.

4. As xustificacións de gastos de xestión e coordinación faranse en todo caso polos seguintes medios:





a) Por dedicación de persoal laboral das Asociacións: mediante a remisión de partes de dedicación en horas das persoas que participen na xestión e coordinación do proxecto piloto, asinadas por responsables de AIME ou APD, segundo corresponda, acompañadas das nóminas e o aboamento das mesmas.

b) Por contratación externa de servizos: mediante a remisión de facturas polas horas dedicadas e xustificantes dos pagamentos.

Sétima. *Compatibilidade con outras axudas*

A achega será compatible con outras axudas ou subvencións para as mesmas actividades, sempre que a acumulación de axudas non supere en ningún caso o 100% do custo do servizo.

Oitava. *Comisión de seguimento do convenio*

1. Para facilitar a execución e desenvolvemento, así como o seguimento e cumprimento do presente convenio, constituirase unha comisión integrada, en principio, e salvo mutuo acordo das partes na súa modificación que obrigatoriamente se plasmará como unha addenda ao convenio, polos seguintes membros:

- 2 membros por parte de Igape, un dos cales actuará como presidente.
- 1 membro por parte de AIME e 1 membro por parte de APD, un dos cales actuará de secretario.

Tamén poderá participar nas sesións da Comisión, con voz pero sen voto, un experto acreditado en *Interim Management* a proposta de calquera das partes.

2. Esta comisión actuará como órgano de vixilancia, seguimento e control do establecido neste convenio, así como de autorización da selección das empresas obxecto de servizo e da asignación do directivo a cada empresa para a prestación do servizo de *Interim management*. O funcionamento da Comisión de Seguimento farase ao amparo do réxime xurídico dos órganos colexiados contido na sección III, capítulo I do título I (artigo 15 e seguintes) da lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Novena. *Outros compromisos, publicidade e autorizacións*

1. AIME e APD comprométense a:

a) Desenvolver as actividades do convenio seguindo as liñas de actuación establecidas no anexo I.

b) Fornecer toda a información necesaria para que o Igape poida dar cumprimento ás obrigacións previstas no Título I da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. As consecuencias do incumprimento desta obrigación serán as establecidas no artigo 4.4 da citada lei.

c) Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas respectivas funcións de fiscalización e control de destino das axudas concedidas e facilitará a inspección e control dos órganos de Igape co fin de supervisar o cumprimento das actividades do convenio.

d) Comunicar a Igape a obtención de axudas para a mesma finalidade que a do presente convenio, procedentes de calquera outra Administración Pública ou de entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, tan pronto se teña coñecemento das mesmas.

e) Seguir as normas sobre protección de datos, concretamente a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e as normas que a desenvolven.





f) Achegar os informes e documentos que acrediten o desenvolvemento das actividades do presente convenio, así como os informes e demais documentos requiridos por Igape.

g) Facer constar expresamente a colaboración prestada por Igape, en todo o material de execución das actividades do convenio coa utilización do logotipo identificativo da Xunta de Galicia.

2. De conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, Igape e a Consellería de Economía e Industria publicarán no Diario Oficial de Galicia e na súa páxina web oficial o importe da prestación económica concedida ao amparo deste convenio e as entidades destinatarias desta, polo que a sinatura do convenio leva implícita a autorización dos asinantes do convenio para o tratamento necesario dos datos das entidades e a referida publicidade, así como a súa cesión por parte de Igape aos órganos competentes da Consellería de Economía e Industria.

3. AIME e APD dan consentimento expreso ao Igape para:

a) Incluír os datos relevantes e persoais deste convenio nos rexistros públicos que proceda, de acordo co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, así como poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación cancelación e oposición respecto do contido dos rexistros antes citados, ante a Dirección Xeral do Instituto Galego de Promoción Económica, sito no complexo administrativo de San Lázaro s/n, 15707 Santiago de Compostela, en aplicación do disposto no Decreto 126/2006.

Este consentimento esténdese á autorización para a cesión dos seus datos á entidade financeira na que se aboe o pagamento, ao *Diario Oficial de Galicia* e ás demais cesións previstas na lei.

b) A sinatura do convenio comportará a autorización ao órgano xestor para consultar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social e a consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. Con todo, as entidades asinantes poderán opoñerse á consulta polo órgano xestor, e nese caso deberá presentar as certificacións nos termos previstos regulamentariamente.

Décima. Control

Igape poderá realizar as actividades de inspección que considere oportunas para controlar o cumprimento dos obxectivos do convenio.

Décimo primeira. Modificacións

O convenio poderá ser modificado coa finalidade de lograr os obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira da Comunidade Autónoma de Galicia. As ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das actuacións para desenvolver por AIME-APD ou a ampliación do prazo de execución.

Décimo segunda. Inexistencia de relación laboral

A subscripción do presente convenio non implicará relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que vaian desenvolver as actuacións obxecto deste convenio con Igape, de tal maneira que non se lle poderá esixir a estas entidades responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiariamente, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do mesmo.

Décimo terceira. Extinción do convenio

O presente convenio ten carácter administrativo e extinguirase nos seguintes casos:

- Incumprimento das obrigas establecidas.





- Decisión unánime das partes asinantes.
- Finalización do prazo de vixencia.

Décimo cuarta. *Vixencia*

O convenio estenderá a súa vixencia dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2026.

Décimo quinta. *Natureza xurídica e resolución de conflitos*

O presente convenio ten natureza xurídico-administrativa, quedando fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, de conformidade con seu artigo 6, e para calquera cuestión litixiosa que se derive do mesmo, será de aplicación a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As partes comprométense a resolver de común acordo, ante a Comisión de Seguimento, calquera controversia que puidese suscitarse sobre a interpretación ou execución deste convenio. En caso de conflito as partes acordan o sometemento á Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Décimo sexta. *Normativa aplicable*

Para todo o non previsto neste convenio aplicarase o previsto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, así como na Resolución do 8 de abril de 1991 (DOG nº 82, do 30 de abril) pola que se fai público o acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

E en proba de conformidade, subscriben o presente documento, na data indicada no pé de firma, tomándose como data de sinatura a do último asinante.

Polo Instituto Galego de Promoción
Económica

Pola Asociación de *Interim*
Management de España

Pola Asociación para el Progreso
de la Dirección

María Jesús Lorenzana Somoza

Francisco José Paez Palacios

Emma Gómez Pérez





ANEXO I

MEMORIA ECONÓMICA

ACTUACIÓNS CONTEMPLADAS:

As actividades a levar a cabo por AIME e APD son as seguintes:

1. Colaborar co Igape na selección das empresas, de acordo cos criterios empregados na convocatoria, establecidos no Anexo II ao presente convenio.
2. Asignar un profesional con dilatada experiencia acreditada a cada proceso empresarial seleccionado, en función das características da situación empresarial concreta a abordar e o perfil do profesional asignado.
3. Definir a misión concreta para cada empresa seleccionada e os obxectivos das mesmas.

En calquera dos tres aspectos anteriores, a selección das empresas, a asignación de cada profesional e a especificación de misión e obxectivos a cada proceso, deberá ser sometida á aprobación da Comisión de Seguimento prevista na cláusula novena do presente convenio.

4. Realizar o seguimento e supervisión de cada un dos procesos de *Interim Management* executados e reportar ao Igape do avance de cada un a través da Comisión de Seguimento establecida na cláusula novena do presente convenio.
5. Realizar un informe final de cada proceso asinado polo profesional (*Interim Manager*) e por algún responsable da empresa obxecto do proceso.
6. Recompilar as facturas dos profesionais e os pagos das mesmas de cada empresa seleccionada polos importes dos servizos de *Interim Management* prestados ata un máximo por empresa de 30.000 €.
7. Presentar unha memoria final ante o Igape e xustificar a aplicación dun mínimo de 25.000 € IVE incluído por gastos de xestión e coordinación, dos que AIME e APD asumen ao seu cargo o 20% e o Igape achega o 80%. No caso de que a xustificación de dedicación fose inferior a 25.000 €, a colaboración do Igape nestes gastos reduciríase proporcionalmente.

Acompañando a todo o proceso, AIME e APD en colaboración co Igape abordarán unha campaña divulgativa e de comunicación, abordando diferentes soportes. Sen prexuízo do anterior, en todos os elementos gráficos e de comunicación, han de convivir unicamente os logos da Xunta de Galicia e de AIME e APD.

ORZAMENTO E FINANCIAMENTO

O orzamento máximo do presente convenio ascende a 265.000 €; do cal a Xunta de Galicia, a través de Igape, asumirá unha colaboración co 80% dos gastos de xestión e coordinación ata 20.000 €, e achegará 180.000 € en subvencións ás empresas beneficiarias dos servizos, nunha porcentaxe do 75 % dos honorarios de cada servizo de *Interim Management* prestado a través de AIME-APD, asumindo as empresas o 25 % restante (máis o IVE da totalidade, no seu caso). Polo tanto, a aportación total do Igape acadará un máximo conxunto de 200.000 €.

Igape financiará as actuacións con cargo ás aplicacións orzamentarias e coa distribución anual respectiva, de acordo coa seguinte distribución:





	Aplicación orzamentaria	ANO 2025 (en euros)	ANO 2026 (en euros)	Total (en euros)
Orzamento total		132.500,00	132.500,00	265.000,00
Aportación AIME-APD		2.500	2.500	5.000,00
Financiamento empresas participantes		30.000,00	30.000,00	60.000,00
Financiamento (IGAPE)	09.A1.741A .7700	90.000,00	90.000,00	180.000,00
	09.A1.741A.6400	10.000,00	10.000,00	20.000,00





ANEXO II

1. Condicións necesarias para a convocatoria de empresas participantes no proxecto piloto.

A convocatoria deberá ser pública a través da páxina web do Igape e tamén será publicada nas webs de AIME e APD.

Establecerase un prazo non inferior a 30 días naturais para a presentación de solicitudes de *Interim Management*.

Esixiranse ás empresas solicitantes as seguintes declaracións:

- a) Que non incorre en ningunha das circunstancias previstas no artigo 10.2 e 10.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- b) Que non está suxeita a unha orde de recuperación pendente tras unha decisión da Comisión que teña declarada unha axuda ilegal e incompatible co mercado común.
- c) Que non ten percibido outras subvencións que de xeito acumulado coa prevista neste proxecto piloto superen o 100% do custo para a realización da actividade.
- d) Que non percibiu axudas en réxime de *minimis* nos dous últimos anos mais o que vai do presente ano que, acumuladas á axuda para o servizo de *Interim Management*, superen os 300.000 €.

AIME e APD deberán recadar das empresas, unha vez seleccionadas e antes de iniciar os servizos a seguinte documentación, que será remitida ao Igape:

- Escritura de constitución e estatutos debidamente inscritos no rexistro competente, e modificacións posteriores destes.
- Certificado de estar ao día no pagamento coa Seguridade Social.
- Certificado de estar ao día no pagamento coa Consellería de Facenda e Administración Pública.
- Certificado de estar ao día nas obrigas tributarias coa AEAT.
- Certificado da AEAT de alta no Imposto de Actividades Económicas (IAE).

2. Criterios de selección das empresas obxecto do servizo piloto de *Interim Management*.

2.1. Obxectivo do servizo solicitado. Serán prioritarios, por este orde os seguintes servizos:

- 2.1.1. Abordar unha ameaza importante de insolvencia ou quebra empresarial.
- 2.1.2. Xestión dun cambio organizativo importante.
- 2.1.3. Desenvolvemento de novos negocios ou novos mercados.
- 2.1.4. Profesionalización dunha startup.
- 2.1.5. Substitución temporal dun cargo directivo.
- 2.1.6. Outras situacións empresariais propicias para a intervención de IM.

2.2. Tamaño da empresa. Pola tipoloxía do servizo a prestar, serán prioritarias segundo o seu tamaño, polo seguinte orde de prelación:

- 2.2.1. As medianas empresas.
- 2.2.2. As pequenas empresas.
- 2.2.3. As grandes empresas.
- 2.2.4. As microempresas e autónomos.

2.3. Actividade. As actividades empresariais priorizaranse do seguinte xeito:

- 2.3.1. Actividades industriais.
- 2.3.2. Actividades de servizos.





ANEXO III

MODELO DE CONVENIO DE CONCESIÓN DIRECTA

CONVENIO ENTRE O INSTITUTO GALEGO DE PROMOCION ECONOMICA E _____ MEDIANTE O CAL SE PROCEDE Á REGULACIÓN DAS CONDICIÓN DE EXECUCIÓN DAS SUBVENCIÓN PREVISTAS NO CONVENIO ASINADO ENTRE INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA (IGAPE), ASOCIACIÓN DE INTERIM MANAGEMENT DE ESPAÑA (AIME) E ASOCIACIÓN PARA O PROGRESO DA DIRECCIÓN PARA A POSTA EN MARCHA DUN PROXECTO PILOTO DE SERVIZOS DE *INTERIM MANAGEMENT* ÁS EMPRESAS GALEGAS

REUNIDOS:

Dunha parte, Dna María Jesús Lorenzana Somoza, Conselleira de Economía e Industria da Xunta de Galicia, nomeada para o devandito cargo polo Decreto 44/2024, do 14 de abril (DOG nº 73, do 14 de abril), actuando en nome e representación do Instituto Galego de Promoción Económica (en diante, Igape), na súa calidade de presidenta, en virtude do disposto no artigo 11 da Lei 5/1992, do 10 de xuño, de creación do Instituto Galego de Promoción Económica.

Doutra parte, D/Dna. _____, con NIF _____, e domicilio para os efectos de notificacións en _____, en nome e representación da empresa _____, seleccionada para a recepción dun servizo de *Interim Management* ante una situación _____ a abordar no proceso.

EXPOÑEN:

I. Que o Instituto Galego de Promoción Económica (en diante, Igape), a Asociación de *Interim Management* de España (en adiante AIME), e a Asociación para o Progreso da Dirección (en adiante, APD) asinaron un convenio para a posta en marcha dun proxecto piloto de servizos de *Interim Management* ás empresas galegas.

II. Que o citado convenio prevé achegas económicas para os procesos realizados no marco do proxecto piloto de *Interim Management*, condición que se produce nesta empresa.

III. Con base no exposto, ambas as partes acordan subscribir o presente convenio, con suxeición ás seguintes,

CLÁUSULAS:

Primeira.- Obxecto

O presente convenio ten por obxecto regular os termos e condicións de execución da subvención prevista no convenio asinado entre Igape, AIME e APD para a posta en marcha dun proxecto piloto de servizos de *Interim Management* nas empresas galegas.

Esta subvención ten por obxectivo o cofinanciamento do servizo prestado.

Segunda.- Financiamento e gastos subvencionables

O importe total da axuda para conceder por parte de Igape é dun máximo de 22.500 €.

Terán a consideración de gastos subvencionables os honorarios profesionais pola prestación do servizo de *Interim Management* á empresa _____, cunha duración máxima de seis meses e dedicación de 20 horas semanais ao servizo.





A contía da axuda concedida será do 75% aplicable sobre os honorarios do servizo de *Interim Management*, cuxo custo máximo será de 30.000 €.

Procederá a minoración do financiamento concedido cando a actuación no alcance o importe máximo anterior.

No caso de que os honorarios estean suxeitos a IVE, non será subvencionable o seu importe.

Dado que as axudas do Igape supoñen unha subvención sobre os custos de servizo aplicado a cada empresa seleccionada, as ditas axudas estarán suxeitas ao réxime de *minimis* segundo o Regulamento (UE) 2023/2831, da Comisión, do 13 de decembro de 2023, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas de *minimis* (DOUE L de 15.12.2023, Serie L).

A Xunta de Galicia achegará o financiamento destas axudas a través dos mecanismos previstos no ordenamento xurídico, sendo condición indispensable para a súa concesión, o cumprimento por parte dos seleccionados dos requisitos legais para ser beneficiarios.

O servizo deberá ser realizado e efectivamente pagado pola empresa con anterioridade á finalización do período de xustificación por AIME – APD ante o Igape, que finaliza o 30 de setembro de 2026.

Terceira.- Xustificación da subvención

A empresa beneficiaria presentará a xustificación de custos de execución mediante a presentación das facturas correspondentes ao servizo recibido e os xustificantes do seu pago.

Os períodos de emisión das facturas (realización de gastos) e realización de pagos dos gastos executados deberán producirse con posterioridade á sinatura do convenio Igape-AIME-APD e antes do 30 de setembro de 2026.

Datas límite de presentación de facturas e xustificantes de pago ante o Igape:

Para os gastos e servizos realizados antes do 30 de novembro de 2025, a data límite de presentación será o 30 de novembro de 2025.

Para os gastos e servizos executados entre o 30 de novembro de 2025 e o 30 de abril de 2026, a data límite de presentación será o 30 de abril de 2026.

Para a última certificación, a data límite de presentación será o 30 de setembro de 2026.

Só se considerará gasto realizado o que fose efectivamente pagado durante o período de execución, e ata a fin do prazo de presentación da documentación xustificativa, sempre que se respecten os prazos de pagamento previstos na normativa sectorial que lle sexa de aplicación.

Cuarta.- Réxime de pagos

O pagamento da axuda do Igape efectuarase á persoa beneficiaria ou entidade co dereito a cobramento desta, despois da verificación da documentación xustificativa presentada.

A documentación presentarase telematicamente a través de <https://spiga-sede.igape.es> e dirixirase ao Instituto Galego de Promoción Económica, debendo achegarse a seguinte documentación:

a) Solicitude, no modelo facilitado polo Igape, no que constarán as seguintes declaracións responsables:

- Declaración das axudas solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade e tamén aquelas, solicitadas ou concedidas, para os mesmos custos, aínda que a finalidade fose diferente, de todas as





administracións públicas. De ser o caso, deberá achegarse unha copia simple da resolución de concesión desoutras axudas.

- Declaración do conxunto de axudas recibidas pola empresa en concepto de *minimis*, durante os dous anos anteriores e durante o ano en curso.

- Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para a obtención de subvencións contempladas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

b) Certificacións de estar ao corrente das obrigacións tributarias estatais, coa comunidade autónoma e coa Seguridade Social, de non estar actualizadas as inicialmente presentadas.

c) Memoria de execución do servizo de *Interim management* recibido (asinado polo IM e pola empresa), con indicación de actividades realizadas, resultados obtidos e incidencias máis significativas.

d) Xustificación do custo do servizo recibido mediante facturas emitidas e pago da cantidade correspondente.

e) Xustificación dos pagos: transferencias bancarias, certificación bancaria orixinal ou extracto de pago. Non se admitirán pagos en efectivo.

f) Xustificación, se é o caso, doutros ingresos obtidos para financiar as actividades.

g) Declaración de titularidade da conta bancaria onde o Igape vaia a realizar os pagos.

h) Calquera outra documentación ou material que considere necesario presentar para unha mellor xustificación das actuacións obxecto do presente convenio.

Procederá a minoración do financiamento concedido cando as actuacións desenvoltas e xustificadas non alcancen os importes dos gastos establecidos.

Quinta.- Compatibilidade con outras axudas

Estas axudas serán compatibles con outras establecidas por esta ou outra Administración Pública, organismo ou ente público ou persoal, nacional ou internacional para o mesmo fin sen que, en ningún caso, illada ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

Sexta.- Obrigas do beneficiario

Sen prexuízo das demais obrigacións establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os beneficiarios das axudas concedidas quedan obrigados a:

a) Facilitar a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións; e someterse ás actuacións de comprobación que deban efectuar os devanditos órganos relativas ao control financeiro, e demais aplicables; así como as levadas a cabo polo órgano concedente e achegar tanta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

b) Comunicar ao órgano concedente a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

c) Prestar consentimento expreso á publicidade por parte da Administración Galega dos datos referidos ao presente convenio, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, relativo ás obrigacións específicas en materia de información sobre convenios; e co disposto nos Decretos 126/2006, do 20 de xullo, e 132/2006, do 27 de xullo, polos que





se regulan o rexistro de convenios da Xunta de Galicia, e os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, respectivamente.

d) Prestar consentimento expreso á publicación na Base de datos Nacional de Subvencións, nos termos previstos no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeneral de subvencións, modificado polo artigo 30.3 da Lei 15/2014, do 16 de novembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

e) Subministrar toda a información necesaria para que Igape poida dar cumprimento ás obrigacións previstas no Título I da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. As consecuencias do incumprimento deste deber serán as establecidas no artigo 4.4 da devandita lei.

f) Dar cumprimento ás obrigacións de publicidade que se establecen no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeneral de subvencións, modificado polo artigo 30.2 da Lei 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

Sétima.- Réxime aplicable

Estas axudas están suxeitas ao réxime de *minimis* establecido no Regulamento (UE) nº 2023/2831 da Comisión, do 13 de decembro de 2023, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas *minimis* (DOUE 15.12.2023, Serie L).

Oitava.- Vixencia

O presente convenio estará vixente desde o día da súa sinatura ata o 30 de setembro de 2026, sen posibilidade de prórroga.

Novena.- Natureza xurídica e resolución de conflitos

O presente convenio ten natureza administrativa e rexerase polo establecido nestas cláusulas e polo disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; así como no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da devandita Lei; o disposto no capítulo VI do Título Preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, polo que se regulan os convenios do sector público; e pola restante normativa que, no seu caso, resulte de aplicación.

Décima.- Modificación do convenio

O presente convenio poderá ser obxecto de modificación cando teña como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. Dita modificación terá por obxecto a redución do volume das obrigacións ou a ampliación do seu prazo de execución.

E en proba de conformidade, subscriben o presente documento na data indicada no pé de firma tomándose como data de firma a do último asinante.

A presidenta do Igape
Dña. María Jesús Lorenzana Somoza

(nome da entidade)

